

CATÁLOGO

A Lei do Solo de Galicia no seu artigo 53 f), dentro das determinacións que con carácter xeral conteñen os plans xerais de ordenación municipal, indica un catálogo dos elementos que polos seus valores naturais o culturais, o pola súa relación co dominio público, teñan que ser conservados o recuperados, coas medidas de protección que procedan.

Por outra parte, a mesma lei no seu artigo 75, define os Catálogos como instrumentos complementarios dos plans, nos que se identificarán os núcleos rurais, inmobles, construcións, instalación ou outros elementos existentes de carácter tradicional en solo rústico, ou conxuntos destes, que merezan ser obxecto de especial protección por razón dos seus valores culturais, históricos, artísticos, arqueolóxicos ou etnográficos, tales como vivendas, hórreos, fontes, cruceiros, muíños, pazos, igrexas, pontes, xacementos arqueolóxicos e outros.

Neste Plan acolléndonos a esta lexislación, realízase un catálogo de tódolos bens culturais, arquitectónicos, históricos, artísticos, etnográficos e naturais, que deben ser protexidos e mellorados. Esta protección verase reflectida na clasificación do solo e na normativa aplicable a cada tipo de solo que se inclúe neste Plan.

O listado de bens que presentamos acompañase, no documento de aprobación provisional, de información detallada e do grao de protección que cada un deles require coas condicións dos mesmos. Este listado realízase sen prexuízo das condicións que a lexislación sectorial vixente poda establecer para cada un deles, e para calquera outros que se puidesen engadir.

Grupo Arqueolóxico

Grupo Arquitectónico

Arquitectura Civil

Arquitectura Religiosa

Construcións Populares

Cruceiros e Petos de Ánimas

Elementos Naturais

Obra Civil

Conxunto Histórico

Núcleos Singulares

Listado de bens a protexer dentro do grupo arqueolóxico:

GRUPO ARQUEOLÓXICO:

GRUPO ARQUEOLÓXICO				
Codxac	Nome	Parroquia	Tipoloxía	Folla Cartografía
GA15012001	Castro de Carabán	VIGO (Santa Baia)	Asentamento Fortificado	C-01/C-05
GA15012002	Castro de Gastrar	GASTRAR (Santa Mariña)	Asentamento Fortificado	C-06
GA15012003	A Cibdá de Aixón	SERGUDE (San Breixo)	Asentamento	C-07
GA15012004	O Castro de Boqueixón	BOQUEIXÓN (San Vicente)	Asentamento Fortificado	C-09
GA15012005	Castro de Oural	OURAL (Santa María)	Asentamento Fortificado	C-15
GA15012006	A Medorra de Midón	LOUREDA (San Pedro)	Túmulo	C-03
GA15012007	A Medorra de Gastrar	GASTRAR (Santa Mariña)	Túmulo	C-07
GA15012008	A Medorra de Pena	LOUREDA (San Pedro)	Túmulo	C-04
GA15012009	A Medorra de A Granxa	GRANXA, A (San Lourenzo)	Túmulo	C-13
GA15012011	Castelo de Pico Sacro	GRANXA, A (San Lourenzo)	Asentamento Fortificado	C-12
GA15012012	Castro de Loureda	LOUREDA (San Pedro)	Asentamento Fortificado	C-04
GA15012013	Castro de Ponte Ledesma	LEDESMA (San Salvador)	Asentamento Fortificado	C-15
GA15012014	Monte Castelo	VIGO (Santa Baia)	Indeterminado	C-03
GA15012015	Mámoa das Peniñas	GRANXA, A (San Lourenzo)	Túmulo Megalítico	C-09
GA15012016	Mámoa da Cruz	GRANXA, A (San Lourenzo)	Túmulo Megalítico	C-08
GA15012017	Mámoa da Costa	GRANXA, A (San Lourenzo)	Túmulo Megalítico	C-08
GA15012018	Mámoa de Tras da Agra	GRANXA, A (San Lourenzo)	Túmulo Megalítico	C-08
GA15012019	Ponte Busacos	SERGUDE (San Breixo)	Ponte	C-07
GA15012020	Ponte Ledesma	LEDESMA (San Salvador)	Ponte	C-15
GA15012REF5	Medorra do Castro	LESTEDO (Santa María)	Túmulo Indeterminado	C-12
GA15078023	Mámoa do Coto da Medorra	Santa Eulalia de Bando (Santiago de Compostela)	Túmulo Megalítico	C-03
GA15089009	Mámoa de Penas Pardas	San Pedro de Vilanova (Vedra)	Túmulo Megalítico	C-12

GRUPO ARQUITECTÓNICO:

Procédese a un dobre listado, nun primeiro caso por elementos catalogados pertencentes á mesma parroquia, e nun segundo caso por tipo de elemento catalogado seguindo a subdivisión do grupo arquitectónico.

TABLA 1.- Listado por elementos catalogados pertencentes a cada parroquia.

Boqueixón (San Vicente)		
Núcleo	Elemento catalogado	Código
Eirexe, A	Casa Reitoral de Boqueixón	AC-01
Orto	Casa Grande de Orto	AC-17
Eirexe, A	Casa de Don Ricardo ou do Escribano	AC-19
Eirexe, A	Igrexa Parroquial de San Vicente de Boqueixón	AR-01
Orto	Capela de Santa María de Orto	AR-02
Orto	Hórreo da Cada Grande de Orto	CP-01
Eirexe, A	Hórreo da Reitoral de Boqueixón	CP-12
Forte	Hórreo en Forte	CP-13
Orto	Cruceiro de Orto	CR-01
<i>Pena Vieira</i>	Cruceiro do Campo da Festa de Boqueixón	CR-02

Codeso (Santaia)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Outeiro, O	Casa Reitoral de Codeso	AC-02
Engas	Casa de Mera	AC-20
Engas	Casa de Romay	AC-21
Outeiro	Casa Matelo	AC-22
Ardesende	Capela de San Paio (Capela de San Roque)	AR-03
Casaldesuso	Igrexa Parroquial de Santaia de Codeso	AR-04
Engas	Pombal	CP-02
Pontillón, O	Muíño do Matelo	CP-14
Pontillón, O	Muíño de Engas	CP-15
Ardesende	Hórreo de Ardesende	H-CO-04
Casaldesuso	Cruceiro do Igrexario	CR-04
Outeiro, O	Cruceiro de Outeiro	CR-05

Donas (San Pedro)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Donas	Casa Grande de Donas	AC-03
Donas	Casa Reitoral de Donas	AC-04
Donas	Igrexa Parroquial de San Pedro de Donas	AR-05
Donas	Hórreo da Casa Grande de Donas	CP-03
Donas	Cruceiro de Donas	CR-06

Gastrar (Santa Mariña)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Gastrar	Casa Reitoral de Gastrar	AC-05
Gastrar	Igrexa Parroquial de Santa Mariña de Gastrar	AR-06

Granxa, A (San Lourenzo)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Granxa, A	Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Granxa	AR-07
Pico Sacro	Ermida de San Sebastián no Pico Sacro	AR-08
Reboredo	Cruceiro de Reboredo	CR-03

Lamas (Santa María)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Eirexe, A	Casa Grande de Lamas e xardín	AC-06
Eirexe, A	Casa Reitoral de Lamas	AC-07
Eirexe, A	Igrexa Parroquial de Santa María de Lamas	AR-09
Eirexe, A	Pombal da Casa Grande de Lamas	CP-04
Eirexe, A	Hórreo da Casa Grande de Lamas	CP-05
Eirexe, A	Cruceiro do Campo da Festa de Lamas	CR-07

Ledesma (San Salvador)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Ledesma	Casa do século XVIII en Ledesma	AC-23
Ledesma	Igrexa Parroquial de San Salvador de Ledesma	AR-10
Ponte, A	Núcleo da Ponte	NS-01
Ponte, A	Ponte Ledesma	OC-01

Lestedo (Santa María)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Cachosenande	Centro de Interpretación do Pico Sacro	AC-08
Vilar	Casa do Tranquilo	AC-16
Picota	Casa da Ferradoira	AC-18
Ramil	Casa de Ramil	AC-24
Ramil	Casa de Sinde	AC-25
Vilar	Capela da Nosa Señora de Lourdes	AR-11
Vilar	Igrexa Parroquial de Santa María de Lestedo	AR-12
Ramil	Capela de Ramil	AR-23
Picota, A	Muíño de Cusanca	CP-09
Picota, A	Pombal da Casa da Ferradoira	CP-16
Rubial	Hórreo de Rubial	H-LE-04
Cusanca	Hórreo de Cusanca	H-LE-06
Ardarís	Cruceiro de Castrelo (Cruceiro da Vereda Vella)	CR-08
Cachosenande	Cruceiro de Cachosenande	CR-09
Pazos	Cruceiro de Pazos	CR-10
Rubial	Cruceiro de Rubial	CR-11
Vilar	Cruceiro de Vilar	CR-12

Loureda (San Pedro)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Eirexe, A	Igrexa Parroquial de San Pedro de Loureda	AR-13
Caneda	Hórreo de Caneda	CP-06
Loureda	Hórreo de Loureda	CP-07
Midón	Hórreo de Midón	CP-08
Agra	Hórreo en Agra	H-LO-02
Eirexe, A	Cruceiro de Loureda	CR-13

Oural (Santa María)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Castro	Casa dos Valderramas	AC-09
Eirexe, A	Casa Reitoral de Oural	AC-10
Castro	Capela de San Mauro (Ermida de San Marcos)	AR-14
Eirexe, A	Igrexa Parroquial de Santa María de Oural	AR-16
Mato, O	Hórreo do Mato	H-OU-03
Devesa, A	Cruceiro de Oural	CR-16

Pousada (San Lourenzo)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Eirexe, A	Casa Reitoral de Pousada	AC-11
Pazo, O	Pazo de Pousada	AC-12
Eirexe, A	Igrexa Parroquial de San Lourenzo	AR-15
Pumariño, O	Capela da Nosa Sra da Fonte	AR-17
Eirexe, A	Cruceiro da Igrexa	CR-14
Pumariño, O	Cruceiro do Campo da Festa de Pousada	CR-15

Sergude (San Breixo)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Quián	Pazo de Quián ou Pazo de Campuzano	AC-13
Eirexe, A	Casa Rectoiral de Sergude	AC-14
Eirexe, A	Igrexa Parroquial de San Breixo de Sergude	AR-18
Quián	Capela de San Sebastián (Pazo de Quián)	AR-19
Rodiño Grande	Ermida de San Bieito	AR-20
Lamas	Hórreo en Sergude	CP-10
Pontillón	Muíño de Pontillón	CP-11
Deseiro de Arriba	Hórreo de Deseiro	H-SG-15
Eirexe, A	Cruceiro da Eirexe	CR-17
Rodiño Grande	Cruceiro de Rodiño Grande	CR-18
Rodiño Grande	Carballeira de San Bieito	EN-01
<i>Próximo a Trillo</i>	Ponte de Busacos ou Ponte dos Romanos	OC-02
Quián	Cruceiro de Quián	CR-20

Sucira (Santa Mariña)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Sucira	Igrexa de Santa Mariña de Sucira	AR-21

Vigo (Santa Baia)

Núcleo	Elemento catalogado	Código
Santa Baia	Casa Reitoral de Santa Baia	AC-15
Santa Baia	Igrexa Parroquial de Santa Baia de Vigo	AR-22
Carabán	Cruceiro de Carabán	CR-19

TABLA 2.- Listado por tipoloxía de elemento.

Arquitectura Civil			
Código	Elemento catalogado	Núcleo	Parroquia
AC-01	Casa Reitoral de Boqueixón	Eirexe, A	Boqueixón (San Vicente)
AC-02	Casa Reitoral de Codeso	Outeiro, O	Codeso (Santaia)
AC-03	Casa Grande de Donas	Donas	Donas (San Pedro)
AC-04	Casa Reitoral de Donas	Donas	Donas (San Pedro)
AC-05	Casa Reitoral de Gastrar	Gastrar	Gastrar (Santa Mariña)
AC-06	Casa Grande de Lamas e xardín	Eirexe, A	Lamas (Santa María)
AC-07	Casa Reitoral de Lamas	Eirexe, A	Lamas (Santa María)
AC-08	Centro de Interpretación do Pico Sacro	Cachosenande	Lestedo (Santa María)
AC-09	Casa dos Valderramas	Castro	Oural (Santa María)
AC-10	Casa Reitoral de Oural	Eirexe, A	Oural (Santa María)
AC-11	Casa Reitoral de Pousada	Eirexe, A	Pousada (San Lourenzo)
AC-12	Pazo de Pousada	Pazo, O	Pousada (San Lourenzo)
AC-13	Pazo de Quián ou Pazo de Campuzano	Quián	Sergurde (San Breixo)
AC-14	Casa Rectoal de Sergude	Eirexe, A	Sergurde (San Breixo)
AC-15	Casa Reitoral de Santa Baia	Santa Baia	Vigo (Santa Baia)
AC-16	Casa do Tranquilo	Vilar	Lestedo (Santa María)
AC-17	Casa Grande de Orto	Orto	Boqueixón (San Vicente)
AC-18	Casa da Ferradoira	Picota	Lestedo (Santa María)
AC-19	Casa de Don Ricardo ou do Escribano	Eirexe, A	Boqueixón (San Vicente)
AC-20	Casa de Mera	Engas	Codeso (Santaia)
AC-21	Casa de Romay	Engas	Codeso (Santaia)
AC-22	Casa Matelo	Outeiro	Codeso (Santaia)
AC-23	Casa do século XVIII en Ledesma	Ledesma	Ledesma (San Salvador)
AC-24	Casa de Ramil	Ramil	Lestedo (Santa María)
AC-25	Casa de Sinde	Ramil	Lestedo (Santa María)

Arquitectura Religiosa			
Código	Elemento catalogado	Núcleo	Parroquia
AR-01	Igrexa Parroquial de San Vicente de Boqueixón	Eirexe, A	Boqueixón (San Vicente)
AR-02	Capela de Santa María de Orto	Orto	Boqueixón (San Vicente)
AR-03	Capela de San Paio (Capela de San Roque)	Ardesende	Codeso (Santaia)
AR-04	Igrexa Parroquial de Santaia de Codeso	Casaldesuso	Codeso (Santaia)
AR-05	Igrexa Parroquial de San Pedro de Donas	Donas	Donas (San Pedro)
AR-06	Igrexa Parroquial de Santa Mariña de Gastrar	Gastrar	Gastrar (Santa Mariña)
AR-07	Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Granxa	Granxa, A	Granxa, A (San Lourenzo)
AR-08	Ermida de San Sebastián no Pico Sacro	Pico Sacro	Granxa, A (San Lourenzo)
AR-09	Igrexa Parroquial de Santa María de Lamas	Eirexe, A	Lamas (Santa María)
AR-10	Igrexa Parroquial de San Salvador de Ledesma	Ledesma	Ledesma (San Salvador)
AR-11	Capela da Nosa Señora de Lourdes	Vilar	Lestedo (Santa María)
AR-12	Igrexa Parroquial de Santa María de Lestedo	Vilar	Lestedo (Santa María)
AR-13	Igrexa Parroquial de San Pedro de Loureda	Eirexe, A	Loureda (San Pedro)
AR-14	Capela de San Mauro (Ermida de San Marcos)	Castro	Oural (Santa María)
AR-15	Igrexa Parroquial de San Lourenzo	Eirexe, A	Pousada (San Lourenzo)
AR-16	Igrexa Parroquial de Santa María de Oural	Eirexe, A	Oural (Santa María)
AR-17	Capela da Nosa Sra da Fonte	Pumariño, O	Pousada (San Lourenzo)
AR-18	Igrexa Parroquial de San Breixo de Sergude	Eirexe, A	Sergurde (San Breixo)
AR-19	Capela de San Sebastián (Pazo de Quián)	Quián	Sergurde (San Breixo)
AR-20	Ermida de San Bieito	Rodiño Grande	Sergurde (San Breixo)
AR-21	Igrexa de Santa Mariña de Sucira	Sucira	Sucira (Santa Mariña)
AR-22	Igrexa Parroquial de Santa Baia de Vigo	Santa Baia	Vigo (Santa Baia)
AR-23	Capela de Ramil	Ramil	Lestedo (Santa María)

Construcións Populares			
Código	Elemento catalogado	Núcleo	Parroquia
CP-01	Hórreo da Cada Grande de Orto	Orto	Boqueixón (San Vicente)
CP-02	Pombal	Engas	Codeso (Santaia)
CP-03	Hórreo da Casa Grande de Donas	Donas	Donas (San Pedro)
CP-04	Pombal da Casa Grande de Lamas	Eirexe, A	Lamas (Santa María)
CP-05	Hórreo da Casa Grande de Lamas	Eirexe, A	Lamas (Santa María)
CP-06	Hórreo de Caneda	Caneda	Loureda (San Pedro)
CP-07	Hórreo de Loureda	Loureda	Loureda (San Pedro)
CP-08	Hórreo de Midón	Midón	Loureda (San Pedro)
CP-09	Muíño de Cusanca	Picota, A	Lestedo (Santa María)
CP-10	Hórreo en Sergude	Lamas	Sergurde (San Breixo)
CP-11	Muíño de Pontillón	Pontillón	Sergurde (San Breixo)
CP-12	Hórreo da Reitoral de Boqueixón	Eirexe, A	Boqueixón (San Vicente)
CP-13	Hórreo en Forte	Forte	Boqueixón (San Vicente)
CP-14	Muíño do Matelo	Pontillón, O	Codeso (Santaia)
CP-15	Muíño de Engas	Pontillón, O	Codeso (Santaia)
CP-16	Pombal da Casa da Ferradoira	Picota, A	Lestedo (Santa María)
H-CO-04	Hórreo de Ardesende	Ardesende	Codeso (Santaia)
H-LE-04	Hórreo de Rubial	Rubial	Lestedo (Santa María)
H-LE-06	Hórreo de Cusanca	Cusanca	Lestedo (Santa María)
H-LO-02	Hórreo en Agra	Agra	Loureda (San Pedro)
H-OU-03	Hórreo do Mato	Mato, O	Oural (Santa María)
H-SG-15	Hórreo de Deseiro	Deseiro de Arriba	Sergurde (San Breixo)

Cruceiros e Petos			
Código	Elemento catalogado	Núcleo	Parroquia
CR-01	Cruceiro de Orto	Orto	Boqueixón (San Vicente)
CR-02	Cruceiro do Campo da Festa de Boqueixón	Pena Vieira	Boqueixón (San Vicente)
CR-03	Cruceiro de Reboredo	Reboredo	Granxa, A (San Lourenzo)
CR-04	Cruceiro do Igrexario	Casaldesuso	Codeso (Santaia)
CR-05	Cruceiro de Outeiro	Outeiro, O	Codeso (Santaia)
CR-06	Cruceiro de Donas	Donas	Donas (San Pedro)
CR-07	Cruceiro do Campo da Festa de Lamas	Eirexe, A	Lamas (Santa María)
CR-08	Cruceiro de Castrelo (Cruceiro da Vereda Vella)	Ardaris	Lestedo (Santa María)
CR-09	Cruceiro de Cachosenande	Cachosenande	Lestedo (Santa María)
CR-10	Cruceiro de Pazos	Pazos	Lestedo (Santa María)
CR-11	Cruceiro de Rubial	Rubial	Lestedo (Santa María)
CR-12	Cruceiro de Vilar	Vilar	Lestedo (Santa María)
CR-13	Cruceiro de Loureda	Eirexe, A	Loureda (San Pedro)
CR-14	Cruceiro da Igrexa	Eirexe, A	Pousada (San Lourenzo)
CR-15	Cruceiro do Campo da Festa de Pousada	Pumariño, O	Pousada (San Lourenzo)
CR-16	Cruceiro de Oural	Devesa, A	Oural (Santa María)
CR-17	Cruceiro da Eirexe	Eirexe, A	Sergurde (San Breixo)
CR-18	Cruceiro de Rodiño Grande	Rodiño Grande	Sergurde (San Breixo)
CR-19	Cruceiro de Carabán	Carabán	Vigo (Santa Baia)
CR-20	Cruceiro de Quián	Quián	Sergurde (San Breixo)

Elemento Natural			
Código	Elemento catalogado	Núcleo	Parroquia
EN-01	Carballeira de San Bieito	Rodiño Grande	Sergurde (San Breixo)

Núcleo Singular			
Código	Elemento catalogado	Núcleo	Parroquia
NS-01	Núcleo da Ponte	Ponte, A	Ledesma (San Salvador)

Obra Civil			
Código	Elemento catalogado	Núcleo	Parroquia
OC-01	Ponte Ledesma	Ponte, A	Sergurde (San Breixo)
OC-02	Ponte de Busacos ou Ponte dos Romanos	Próximo a Trillo	Ledesma (San Salvador)

No referente ao catálogo recollido nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial, temos que facer o seguinte inciso:

- Os últimos datos que fan referencia ás Torres de Lestedo, datan do século XVII, que foi espoliado co paso do tempo, non quedando vestixio algún que poda determinar a súa localización, polo que non se inclúe neste catálogo.
- Na parroquia de Oural non existe outra capela que a de San Mauro, no lugar de Castro, que se atopa catalogada co código **AR-14**, polo que non se fai ficha a Ermida de San Marcos.
- A Igrexa de Santa María de Sobeira, en Sobeira, se corresponde coa xa catalogada Igrexa de Santa Mariña de Sucira co código **AR-21**. Se presupón que a palabra Sobeira procede dunha derivación de Subcira, nome co que se coñecía a esta parroquia, antes de ser aprobado o Nomenclátor do 2003.

No referente ao listado dos bens catalogados según relación proporcionada pola Dirección Xeral de Patrimonio temos que ter en conta as seguintes consideracións:

- A Casa dos Valderrama, non se atopa na parroquia de Pousada, sino na de Oural, polo que así queda recollido na correspondente ficha, a **AC-09**.

Con todo isto, e de igual modo, indícase que este catálogo é un documento aberto e que no caso de producirse altas ou baixas de elementos do mesmo, deberase tramitar o oportuno expediente na Consellería de Cultura.

Mención aparte ten o Camiño de Santiago, e máis concretamente a Vía da Prata, que no seu último tramo vai de Vedra a Santiago, atravesando as parroquias de Santa María de Lestedo e San Breixo de Sergude.

No referente ao escrito con data 23/10/2012 referente ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto ao documento do PXOM de Boqueixón cumpre dicir:

Catalogo Arquitectónico:

- **Bens de Interese Cultural**

De acordo cos Decretos 571/1963 e 449/1973 considéranse protexidos tódolos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termos e pezas similares e pola disposición adicional da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, estes elementos considéranse Ben de Interese Cultural (B.I.C.). Do mesmo modo terán a mesma consideración os cruceiros, tomando como referencia as disposicións adicionais segunda e primeira das leis 16/1985 e 8/1995 respectivamente.

Tomando como referente dita lexislación terán a consideración de B.I.C. os cruceiros correspondentes as fichas **CR-01** (Cruceiro de Orto), **CR-07** (Cruceiro do campo da festa de Lamas) e **CR-08** (Cruceiro de Castrelo).

Na ficha correspondente ao elemento (**AC-20**) incluíuse unha foto do escudo, acorde cos datos reflectidos no apartado de observacións. Tamén se lles fixo ficha a aqueles hórreos que, ou ben pola súa singularidade ou ben pola súa antigüidade, teñen a devandita consideración. Inclúense no seguinte cadro:

Hórreos que poden ter a consideración de B.I.C.

Código	Elemento Catalogado	Núcleo / Lugar	Parroquia
H-CO-04	Hórreo de Ardesende	Ardesende	Codeso (Santaia)
H-LE-04	Hórreo de Rubial	Rubial	Lestedo (Santa María)
H-LE-06	Hórreo de Cusanca	Cusanca	Lestedo (Santa María)
H-LO-02	Hórreo en Agra	Agra	Loureda (San Pedro)
H-OU-03	Hórreo do Mato	Mato, O	Oural (Santa María)
H-SG-15	Hórreo de Deseiro	Deseiro de Arriba	Sergurde (San Breixo)

- **Referente ao resto de elementos catalogados**

Corrixíronse aquelas fichas que contiñan datos erróneos ou se omitiran, así como revisar os apartados que fan referencia ao estado construtivo e protección. Tendo en conta o listado do Anexo 1 ((Relación de Inmobles no concello de Boqueixón) incluíronse os novos elementos, se ben e certo que nalgún elemento, as coordenadas UTM, non atópanse ben descritas e non reflicten o elemento ao que fan referencia.

De todos os hórreos que veñen grafiados na cartografía baixo o epígrafe "HT", e logo dun traballo de campo previo, se realizou unha selección daqueles que debían estar protexidos, asignándolles un código e o seu correspondente contorno de protección, agrupándoos por parroquias.

De tódolos xeitos o Decreto 449/1973 do 22 de febreiro fai referencia a aquelas construcións coñecidas co nome de "hórreos" ou "cabazos" que teñan unha antigüidade non menor dun século, condición esta que non pode facerse extensiva á totalidade dos mesmos, senón solo aqueles que cumpran a mesma, como así faise constar nas fichas de H-CO-04, H-LE-04, H-LE-06, H-LO-02, H-OU-03 e H-SG-15, do presente catálogo.

Fora do indicado nesta Lei, e nos inventarios ou catálogos da Consellería de Cultura, a competencia para declarar como protexido un determinado elemento etnográfico corresponde exclusivamente ó PXOM.

Catalogo Arqueolóxico:

Procedeuse a realizar unhas fichas novas do catalogo arqueolóxico que conteñan aqueles datos necesarios para garantir a correcta identificación e protección destes. Atendendo a este novo traballo eliminouse do listado o rexistro GA15012010.

Na ficha correspondente á Medorra da Granxa (GA15012009), non atópase afectada polo trazado de infraestrutura, xa que dita construción atópase soterrada.

O Camiño de Santiago (Ruta da Prata):

Indicouse nos diferentes documentos do PXOM que tanto a traza do camiño, así como o seu contorno, ten un carácter provisional ata a delimitación e deslinde definitivo do seu trazado. Ampliouse a información referente ao estado da vía pola cal transita o camiño, así como un plano coa descrición gráfica do mesmo.